



Resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, de 14 de xuño de 2016, relativa á concesión dos Selos “Biblioteca Escolar Solidaria” correspondentes ao curso 2015/2016, ao abeiro do Programa “Bibliotecas Escolares Solidarias”, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Con data 10 de decembro de 2015, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos fixo publicou unha resolución pola que se convocaba o programa BIBLIOTECAS ESCOLARES SOLIDARIAS para o curso 2015/2016, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado (Consellería de Política Social). Este programa inclúe diversas accións e ten como finalidade estimular o voluntariado cultural en relación coas bibliotecas e a lectura entre o alumnado dos niveis non universitarios e as súas familias, nos centros públicos de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, e recoñecer os esforzos das comunidades educativas por conformar bibliotecas escolares que axuden a paliar as desigualdades no acceso ao coñecemento e ao uso dos recursos culturais e de aprendizaxe.

Unha das iniciativas contempladas era o concesión do Selo “Biblioteca Escolar Solidaria” a aquelas bibliotecas nas que se traballa de forma salientable a compensación de desigualdades e se fomenta o voluntariado cultural entre os integrantes da comunidade escolar. Este selo é un recoñecemento ao traballo das comunidades educativas a prol dunha biblioteca escolar atenta ás necesidades de todos os seus integrantes en materia de lectura e de acceso ao coñecemento. Tal e como se recollía no apartado 2, punto 1 da devandita resolución, poden optar á concesión do selo os centros que traballen nos seguintes ámbitos:

- Reforzar os valores de xustiza e solidariedade, propiciar de forma salientable a compensación de desigualdades e favorecer o uso dos recursos con fórmulas de aproveitamento axeitadas mediante un programa de medidas estruturais e sistematizadas.
- Contar con alumnado voluntario da biblioteca.
- Involucrar ás familias como colaboradoras da biblioteca escolar: familias voluntarias.

Os centros presentaron as súas candidaturas xunto cunha memoria de actividades antes do 10 de maio de 2016. Constituíuse a Comisión de Valoración prevista no apartado 2, punto 3 da devandita resolución de 10 de decembro e valoráronse todas e cada unha das candidaturas presentadas, ao abeiro dos requisitos contemplados no apartado 2, punto 1 da devandita resolución, e en consecuencia,



RESOLVO:

Primeiro: Conceder o Selo “Biblioteca Escolar Solidaria” aos centros que se relacionan:

Centro	Concello	Provincia
CPI P. Virxe da Cela	Monfero	A Coruña
CEIP P. A Pedra	Bueu	Pontevedra
CEIP Espedregada	Poio	Pontevedra
IES de Poio	Poio	Pontevedra
CEIP de Parada-Campañó	Pontevedra	Pontevedra
IES de Vilalonga	Sanxenxo	Pontevedra

Segundo: Remitirase aos centros un arquivo dixital co selo “Biblioteca Escolar Solidaria” que poderán inserir nos espazos web e outras publicacións da biblioteca escolar. Este selo é un distintivo de calidade en termos de traballo solidario e a favor da comunidade escolar. Así mesmo, os centros recibirán un diploma acreditativo.

Terceiro: Esta Dirección Xeral realizará difusión das experiencias correspondentes aos selos concedidos a través dos seus espazos web de Bibliotecas Escolares de Galicia, co fin de estimular este tipo de iniciativas e dar a coñecer as boas experiencias.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2016
O DIRECTOR XERAL DE CENTROS E RECURSOS HUMANOS

José Manuel Pinal Rodríguez